

CRECENTE DIVERSO



PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

O NOSO CASTRO

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SIEIRO


CRECENTE DIVERSO

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO



CRECENTE DIVERSO

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO



O CASTRO

Os castros eran vilas fortificadas prerromanas, xeralmente construídas en lugares elevados pero con acceso á auga. Contaban con varias vivendas circulares, chamadas pallozas, con muros de pedra e teito de palla e barro. O castro estaba rodeado por un ou varios muros de pedra que servían como defensa. A cultura castreña tivo o seu maior esplendor entre os séculos IV e II a.C; ata a chegada dos romanos, que invadiron esta zona e impuxeron a romanización de todo o territorio. Proba delo é a aparición de cerámica de estilo romano en diversos xacementos castrexos; así como o cambio na construción das pallozas, que comezaron a ser cadradas o rectangulares.

CRECENTE DIVERSO

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO



AS PALLOZAS

Son as construcións circulares nas que vivían e desenvolvían as súas tarefas os habitantes dos castros. Tiñan muros de mampostería de pedra con teito de palla e barro, moi resistente tanto as altas e baixas temperaturas; como á choiva e neve. En moitas ocasións, cada palloza pertencía a toda unha familia, que vivía toda xunta. Incluso o gando de dita familia durmía ao cuberto nas pallozas. Algunha máis grandes servían como locais públicos nos que celebrar reunións, ceremonias, etc.

Coa romanización de Gallaecia, as pallozas comezaron a facerse cadradas ou rectangulares. Ademais comezaron a aparecer os teitos a dúas e catro augas.



voltar ao castro

CRECENTE DIVERSO

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO



AS MÁMOAS

Son túmulos funerarios que servían de lugares de enterramento. Normalmente estaban formadas por un dolmen, ou construción de pedra; recuberto con terra. Hoxe en día, a maioría de mámoas só se atopan como elevacións do terreo, xa que moitos dos dólmenes que custodiaban desapareceron, ben polo paso do tempo; ben polo saqueo arqueolóxico ao longo das diferentes épocas da historia.


En Galicia conservanse varios restos de mámoas, como “A Chousa Nova” ou o - “Dolmen de Dombate”



voltar ao castro

CRECENTE DIVERSO

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO





AS PESQUEIRAS

Son grandes construcións en pedra que servían para pescar diversas especies fluviais do Miño, como a anguía ou a lamprea. Estan formadas por unha serie de muros ou “poios” de pedra que teñen o obxectivo de redirixir e embalsar a auga do río cara unhas redes, chamadas “buituon” na que quedan atrapadas os diferentes peixes. Moitos historiadores consideran aos romanos como os inventores destas construcións; que foron moi empregadas sobretudo na Idade Media. Nesta zona de Crecente contamos con varias destas pesqueiras, como as "Pesqueiras da Pousa" ou a "Follagueira".

CRECENTE DIVERSO

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO



AS TORRES

Os romanos, durante a súa ocupación de Gallaecia, concederon unha grande importancia ás comunicacións entre os diferentes lugares co fin de facilitar os desprazamentos e poder explotar os recursos que ofrecían as diferentes zonas da nosa terra. Para defender estas rutas construíron unha serie de postos de defensa en forma de campamentos e de torres fortificadas. Este, segundo diversos historiadores, puido ser a orixe da "Torre de Fornelos".



voltar ao castro

CRECENTE DIVERSO

PATRIMONIO ARQUEOLÓGICO



O NOSO CASTRO

MAKING OF...

FONTES



XOAN
ARCO DA
VELLA

ENLACES A TODO O
PROXECTO



2023-2024



2024-2025

*CEIP PLURILINGÜE
MANUEL SIEIRO*

CURSO 2024-2025